



Concello de Oia

Expediente núm.: 597/2024

Memoria xustificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Data de iniciación: 20/06/2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

INFORME DE NECESIDADE CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DE “VEHÍCULO PUNTO LIMPO MOBIL” CONCELLO DE Oia.

De conformidade co previsto nos artigos 28, 99 e 116.4 da lei 9/2017 de contratos do sector público, redáctase o seguinte informe co fin de poñer de manifesto os seguintes aspectos no proceso de contratación cunha empresa externa do suministro denominado “Vehículo punto limpo mobil do Concello de Oia “

A) Obxecto do contrato, calificación, suxeición a regulación armonizada e elección do procedemento de licitación.

A actuación obxecto do contrato ao que se refire o presente prego constitúe un subministro, dacordo coa definición que dos mesmos contén o artigo 16 da Lei 9/2017:

Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

(..)

Por outro lado o código CPV (*Common Procurement Vocabulary*) polo cal se define o obxecto do contrato é o que sigue, englobado entre os de mobiliario :

34136000-9 Camionetas

34223300-9 Remolques

44613800-8 Contedores para residuos

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo típico de subministro, tal e como establecen os artigos 16 e 25.1 a) da Lei 9/2017 de contratos do sector público e a súa preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción rexeráse polo disposto na seguinte normativa:

-Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) en canto estivera vixente.

-Real Decreto 817/2009 de 8 de maio, de desenrolo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, en canto non se opoña á Lei 9/2017

-Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Supletoriamente serán de aplicación as normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado, correspondendo á orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competencia para resolver as cuestións litixiosas ao respecto (artigo





Concello de Oia

27.1 da Lei 9/2017).

Ademáis, de conformidade co disposto no artigo 21. 1 b) da Lei 9/2017, se trata dun contrato non suxeito a regulación armonizada, toda vez que o seu valor estimado, calculado conforme ás regras do artigo 101 non supera os 215.000,00euros

En aplicación do artigo 44 da Lei 9/2017 non son de aplicación as normas previstas para o recurso especial en materia de contratación, ao non superar os 100.000,00 €.

Tendo en conta o disposto nos artigos 156 e 159 da Lei 9/2017, elíxese o procedemento aberto, favorecendo a libre competencia entre licitadores, xa que non hai restricción e calquera pode presentar oferta nos prazos que se abran a partir do día seguintes ao do anuncio de licitación, sen que esté permitido ningún tipo de negociación do organo de contratación cos licitadores, a través da opción ordinaria (156) aínda que coa tramitación anticipada orzamentaria, tal e como informa a intervención (artigos 117.2 e DA 3ª da Lei 9/2017 e 50 do RD 36/2023), por ausencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado a esta data, constando aprobada inicialmente a modificación orzamentaria da que dependerá que poida levantarse a condición suspensiva que afectará á adxudicación, ata ese momento.

B) Clasificación esixida aos licitadores.

O prego de cláusulas non esixe clasificacións aos licitadores porque o artigo 77 da Lei 9/2017 establece éste requisito como obligatorio unicamente para obras con valor estimado superior a 500.000,00 €.

C) SOLVENCIA.

Para aqueles licitadores que non teñan clasificación ou non a acrediten, o prego opta por elixir unicamente unha forma de acreditación de solvencia económica: *Deberase acreditar un **volumen anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato/lote (valor anual medio se a duración é superior a un ano).*

O volumen anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato (lote), ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato (lote).

Solvencia técnica o profesional:(artigo 89.1 a) da Lei 9/2017):

Para aqueles licitadores que non teñan clasificación ou non a acrediten, o prego opta por elixir unicamente unha forma de acreditación de solvencia técnica: *Relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou o destinatario, público ou privado, e se precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).*

As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, acompañado dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.





Concello de Oia

D) Para licitar por medio do procedemento aberto (156 lei 9/2017) optamos por criterios de valoración das ofertas obxectivos, que serán cuantificados mediante a aplicación de formulas;

Os criterios obxectivos aparecen debidamente ponderados e coa indicación da formula de aplicación: prezo, prazo de garantía, redución do prazo de entrega, eficiencia enerxética e masa máxima autorizada

E) O valor estimado do contrato coincide co precio establecido na memoria valorada polo que se establece a tanto alzado tendo en conta os precios de mercado.

G) Xustificación de non división en lotes.

De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, no presente contrato non se dividirán as actuacións en lotes ao entender máis beneficioso para a administración contar cun interlocutor unico que realice tódalas prestacións do proxecto.

H) Queda xustificada a necesidade do contrato, ao tratarse dunha facultade que non forma parte das habituais da administración.

En Oia, a 19 de xullo de 2024

A Alcaldesa

Asdo Cristina Correa Pombal

*Asdo dixitalmente á marxe

